



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

CARREIRA POPULAR FACHO DE HERCULES Iº TROFEO CONMEMORATIVO DA DECLARACIÓN COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE Autoridade Portuaria de A Coruña – La Voz de Galicia

Campionato Galego de 5kms en ruta A Coruña, 27 de Xuño do 2010

O vindeiro domingo 27 de xuño celebrarase, nun circuito urbano homologado pola RFEA, en A Coruña a Iª edición da **Carreira Popular Facho de Hércules. Iº Trofeo Conmemorativo da declaración como patrimonio da humanidade. Autoridade Portuaria de A Coruña. La Voz de Galicia**

NORMATIVA XERAL DA COMPETICIÓN

Art.1.- ORGANIZACIÓN

A Voz de Galicia, coa colaboración do Concello de A Coruña e a Federación Galega de Atletismo.

Art.2.- DATA E LUGAR

Domingo, 27 de xuño de 2010 en A Coruña.

Art.3.- HORARIOS

As probas desenvolveranse a partir das 11:00 horas, con saída da carreira de 5 kms ás 11:00 horas dende a sartén da Torre de Hércules e con chegada na mesmo sitio, e con saída das carreiras de menor distancia, para categorías menores, a partir das 12:20 horas dende a sartén da Torre de Hércules e con chegada na mesmo sitio.

Art.4.- CARREIRA DE 5 KMS

Distancia

A proba celebrarase sobre unha distancia de 5000m. O percorrido está medido e homologado pola Real Federación Española de Atletismo e ten un perfil na súa maioría chaira, e por asfalto na súa totalidade.

Percorrido

Realizaranse 1 volta ó seguinte percorrido:

SAIDA, Dársena da torre (Estatua de Breogan). Cidade Deportiva Municipal da Torre. Casa dos Peixes (Casa do home). Matadoiro (Hotel Melia María Pita). Avda. Pedro Barrié da Maza. Xiro de retorno circunvalando a rotonda da confluencia da Rúa Juan Canalejo con Rúa Alta. Avda. Pedro Barrié da Maza. Matadoiro (Hotel Melia María Pita). Casa dos Peixes (Casa do home). Cidade Deportiva Municipal da Torre. Dársena da torre (Estatua de Breogan), META

Tempo de chegada

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Por cuestións organizativas fíxase un tempo máximo para percorrer a distancia de 1 hora e 15 minutos, polo que o control de chegada pecharase ás 12:15 horas.

Categorías (homes e mulleres)

- **Xuvenil**, nados en 1993 e 1994
- **Júnior**, nados/as en 1991 e 1992
- **Promesa**, nados/as en 1988, 1989 e 1990
- **Senior**, nados/as dende 1987 ata veteranos
- **Veteranos A**, entre 35 e 39 anos
- **Veteranos B**, entre 40 e 44 anos
- **Veteranos C**, entre 45 e 49 anos
- **Veteranos D**, entre 50 e 54 anos
- **Veteranos E**, entre 55 e 59 anos
- **Veteranos F**, entre 60 anos e 69 anos
- **Veteranos F**, mais de 70 anos

Categorías de Campeonato Galego de 5 Kms en Ruta, según circular publicada a tal efecto en www.atletismogalego.org

Art.5.- CARREIRAS DE CATEGORÍAS MENORES

Distancia.

As probas celebraranse sobre distancias que van dende os 100m ata os 1000m. O percorrido está medido pola Federación Galega de Atletismo e ten un perfil totalmente chaira, e por asfalto na súa totalidade.

Percorrido:

SAIDA, Dársena da torre, Paseo dos Menhires, Dársena da torre, META

Categorías, distancias e horarios:

- **Benxamín masculina e feminina.** Nados/as en 2001, 2002

Distancia: 500 metros

Hora de saída: 11:45

- **Alevín masculina e feminina.** Nados/as en 1999, 2000

Distancia: 500 metros

Hora de saída: 11:50

- **Infantil e Cadete feminina.** Nados/as en 1995, 1996, 1997 e 1998

Distancia: 1000 metros

Hora de saída: 11:55

- **Infantil e Cadete masculina,** Nados/as en 1995, 1996, 1997 e 1998

Distancia: 1000 metros

Hora de saída: 12:05

- **Prebenxamín masculina e feminina.** Nados/as posterior ó 2002

Distancia: 100 metros aproximadamente

Hora de saída: 12:15

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Art.6.- PREMIOS

Outorgaranse trofeos aos tres primeiros de cada categoría tanto en homes coma en mulleres. Asemade haberá camiseta conmemorativa do evento para os deportistas que crucen a liña de meta.

Outorgarase medalla aos tres primeiros do Campionato galego de 5 kms en ruta en cada categoría tanto en homes coma en mulleres.

Art.7- INSCRICIÓN

As inscricións poderanse facer por dúas vías dependendo do seguinte:

- **Inscricións atletas federados para o Campionato Galego de 5 km ruta:** Todos os atletas federados que desexen participar no Campionato Galego de 5 km ruta deberán formalizar a súa inscrición a través do sistema online na web www.atletismogalego.org con data límite ata o mércores día **23 de xuño ás 20:00 horas**. Non se aceptarán inscricións fóra de prazo, con datos incompletos ou sin todos os datos obrigatorios, é moi importante que o atleta indique o seu NIF así como se dispón de chip amarelo (indicando o código), a inscrición no Campionato Galego habilita automaticamente a inscrición na carreira popular.

- **Inscricións atletas populares da proba popular absoluta de 5Kms:** se poderán facer por www.atletismogalego.org que enlazará coa plataforma da ChampionChipNorte ou directamente por www.championchipnorte.com seguindo as instrucións desa Web.

- **Inscricións nas carreiras de categorías inferiores (prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete):** deberán facerse por medio da páxina Web www.atletismogalego.org

Todos os atletas teñen a obriga de comprobar que a súa inscrición está correctamente formalizada unha vez terminado o prazo: nas páxinas Web:

- Carreiras menores: www.atletismogalego.org
- Carreira popular: www.championchipnorte.com
- Campionato Galego de 5 Kms, inscrición obrigatoria: www.atletismogalego.org

Outras formas de inscrición para o evento popular (non para atletas que participen no Campionato Galego): Centro Comercial Dolce Vita, na rúa Newton, Polígono de A Grela. 15008 A Coruña. En horario de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 ata o martes 22 de xuño ás 20:00 horas cubrindo a ficha de inscrición que poderán recoller ali. Os atletas federados que participen no Campionato Galego de 5 Kms, deberán formalizar a súa inscrición obrigatoriedade en www.atletismogalego.org

Art.8.- ENTREGA DE DORSALES E CHIP

Sábado 26 de xuño no Centro Comercial Dolce Vita, na rúa de Newton, Polígono de A Grela. 15008 A Coruña. En horario de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00.

Domingo 27 de xuño na zona de saída da carreira de 8:30 a 10:00

Todos os corredores deberán levar ben colocado o dorsal no peito e o chip na zapatilla para poder entrar nas clasificacións.

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Art.9.- DEVOLUCIÓN DOS CHIPS

Todalas persoas inscritas na proba deberán devolver o chip ó rematar a mesma, a non devolución do chip implica un custe de 10€ por parte do atleta e a perda do dereito a entrar nas listas de resultados e percibir regalos e premios.

Art.10.- PLANO E CARACTERÍSTICAS DO CIRCUÍTO

O plano e características do circuito serán facilitados pola organización

Art.11.- CONTROL DA CARREIRA

O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuices. Todas as reclamacións deberán facerse directamente ao xuíz árbitro da proba.

Art.12.- AVITUALLAMENTO

Estableceranse puntos de avituallamento durante o percorrido (mitade da carreira na proba de 5 kms) para favorecer a hidratación dos participantes.
Haberá avituallamento na meta en tódalas carreiras.

Art.13.- ENTREGA DE PREMIOS

A entrega de premios realizarase na zona próxima á Torre de Hércules a partir das 12:20 horas. A non presentación do propio atleta na entrega do premio será motivo da perda do mesmo. Non se entregará o premio a nengunha persoa que non sexa o propio atleta.

Art.14.- SERVIZOS MÉDICOS

A organización terá á disposición dos atletas servizo médico con persoal sanitario e ambulancia.

Art.15.- SERVIZO DE DUCHAS

Haberá duchas para todos os participantes na Cidade Deportiva Municipal da Torre.

Art.16.- SEGUROS DA PROBA

A organización ten contratado un seguro de responsabilidade civil e accidentes deportivos para todos os participantes.

Art.17.- Todo o non disposto neste regulamento resolverase pola normativa da Federación Galega de Atletismo, ou no seu caso, pola propia da Real Federación Española de Atletismo.

Art.18.- Todos os atletas que se inscriban nesta proba dan por aceptado e deben cumprir todos os aspectos reflexados neste regulamento.

CLÁUSULA DE CESIÓN DE DATOS EN LA INSCRIPCIÓN DA PROBA ABSOLUTA:

**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR





Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

Le informamos de que los datos personales que usted nos facilite a través de este formulario serán incorporados a las bases de datos de La Voz de Galicia, S.A. La cumplimentación de los campos marcados con asterisco (*) tiene carácter obligatorio con el fin de gestionar su solicitud, por este motivo, de no facilitar estos datos no podremos atenderle. Usted consiente expresamente que La Voz de Galicia, S.A. trate sus datos para gestionar la promoción y para ofrecerle periódicamente información sobre nuestros productos, actividades, servicios y acciones, aún después de finalizada la promoción. Igualmente, el consentimiento otorgado se considera prestado para ceder sus datos a otras empresas del grupo al que pertenece La Voz de Galicia, S.A. relacionadas con los sectores de comunicación (incluyendo prensa, radio y televisión) e investigación de mercados, marketing y opinión, que puede encontrar referenciadas en la página web www.lavozdeg Galicia.es, con el fin de informar de sus productos o servicios y hacer ofertas comerciales. Le informamos que, de acuerdo con la Ley Orgánica 15/1999, VD. tiene derecho en cualquier momento a oponerse, acceder, cancelar y rectificar los datos referentes a su persona incluidos en nuestras bases de datos a través de la dirección de correo lopd@lavoz.es, o bien en la siguiente dirección: La Voz de Galicia, S.A. - Dpto. marketing, Avda. de la Prensa, 84-85. Pol. Ind. Sabón, 15142 Arteixo (A Coruña), acreditando su personalidad. Si VD. no quiere que le informemos sobre nuestros productos o acciones propias háganoslo saber señalándolo en la casilla habilitada al efecto en el formulario de inscripción.

PLANO CIRCUITO



**PATROCINADORES
OFICIAIS**



PROVEEDOR

